

**SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS**

**ALCALDÍA DO CONCELLO
DE BOQUEIXÓN**

CIRCULAR SOBRE POS+ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 24 de novembro de 2023, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2024", que se destina aos 93 concellos da provincia. O texto íntegro das Bases foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 227 do 28/11/2023.

Xunto co POS+2024 regúlase simultaneamente, o POS+ADICIONAL 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais desta Deputación.

A cantidade do POS+ADICIONAL 1/2024 asignada a ese concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 é o que se sinala na seguinte táboa:

Concello	Boqueixón
Achega provincial POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios	63006,54 €

As **principais novidades** neste POS+ADICIONAL 1/2024 son:

A concreción da información sobre cada tipoloxía de gasto (mantéñense as mesmas tipoloxías de gasto que o anterior POS+ADICIONAL 1/2023).

- Compromiso do Concello de dar publicidade do financiamento recibido desta deputación a través do POS+ADICIONAL 1/2024 en toda a información que faga das actividades ou investimentos.
- Os gastos extraordinarios aos que o Concello pode aplicar o financiamento do POS+ ADICIONAL 1/2024, son os seguintes:

GASTO CORRENTE:

a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.

A finalidade é apoiar aos equipos técnicos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

O importe non pode ser destinado a cubrir:

- A achega municipal do Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS
- O financiamento do persoal contratado a través do Plan Concertado, xa que correspondería cun gasto corrente.
- O persoal das escolas infantís ou puntos de atención á infancia que non corresponda a persoal de reforzo.

b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

Estas axudas de emerxencia deberanse tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.

Cando as axudas se entreguen en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite dos 500,00 € por unidade entregada.

c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, **e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa**, como servizo de salón de peitado, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.

O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do **POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios**: neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do **POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios**, non á totalidade do servizo.

Lémbrese que a finalidade do FOPPSS é a estabilidade na prestación do servizo na modalidade de libre concorrência, mentres que a do **POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios** é poder responder a necesidades imprevistas e de emerxencia.

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao **servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia**, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

No informe técnico dos servizos sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados (Anexo XXI) debe desagregarse o gasto de cada un dos servizos, así como indicarse o ano de inicio da actividade e, se é o caso, o número de prazas ampliadas imputadas ao POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.

Debe quedar reflectido no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

Os servizos e medidas de conciliación comprendidas neste apartado deberán destinarse ás unidades de convivencia cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos. No caso de que os servizos municipais ou as axudas económicas promovidas polo municipio para o respiro familiar ou as medidas de conciliación vaian dirixidas á poboación en xeral, serán subvencionables na súa totalidade polo POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios cando se estableza **copago** para as persoas que contan con ingresos suficientes. No caso de non ter establecido o copago, só se podería imputar parcialmente o custo do servizo ou axudas no referido aos gastos derivados das familias que carezan dos recursos económicos mencionados.

e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

O importe non pode ir destinado a cubrir a achega municipal que xa viña aportando o Concello aos dispositivos ou axudas económicas previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios; neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren **imprescindibles e urxentes** para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.

Será preciso xustificar o carácter extraordinario, imprescindible e urxente. Os programas que se veñan desenvolvendo habitualmente non poden considerarse extraordinarios, salvo os iniciados grazas ás anteriores convocatorias do POS+Adicional 1.

Non se consideran obxecto desta subvención comidas, bailes, magosto, excursións, os equipo de protección individual no traballo (EPIS) ou outros de análoga natureza por ser considerados gasto corrente municipal.

g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

Nesta tipoloxía compútase o equipamento alugado polo concello coa finalidade de cederllo ás persoas usuarias que carezan de medios económicos suficientes. No caso de que o concello adquira permanentemente ou merque o equipamento entenderase como un gasto de investimento (tipoloxía i).

h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

1. Renda inferior ou igual ao 2 x IPREM de 14 pagas.
Cando a unidade de convivencia estea formada por máis dunha persoa, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas se incrementará en:
 - o 0,5 por cada persoa adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia.
 - o 0,75 por cada persoa menor de idade da unidade de convivencia.
2. Todas as persoas da unidade de convivencia con ingresos económicos sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social (xubilación ou incapacidade permanente) e perciban a contía mínima vixente en cada momento para ditas clases de pensión, e non ter outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.
3. Algunha persoa da unidade de convivencia sexa titular da prestación do Ingreso Mínimo Vital en nome propio ou en nome da unidade de convivencia, conforme ao establecido na Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.
4. Percepción da Renda de Inclusión Social de Galicia, conforme ao establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

GASTO DE INVESTIMENTO:

i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

SOLICITUDES

As achegas tramitaranse a través da plataforma SUBTEL.

Os concellos poderán solicitar para gasto corrente e/ou investimento. Para o cal deberán presentar:

- unha solicitude xeral (obrigatoria)
- unha solicitude para mantemento (opcional) e/ou
- unha solicitude para investimento (opcional)

A continuación indícanse as convocatorias abertas en SUBtel do POS+ADICIONAL 1/2024 e a documentación que teñen que presentar en cada unha delas e as súas aclaracións pertinentes:

POS+AD1-G.SOC. SOLIC – <u>SOLICITUDE XERAL</u>	Esta solicitude é creada de oficio pola Deputación.
● Obrigatoria	O Concello deberá obrigatoriamente cubrir os datos e achegar os Anexos XV.

<ul style="list-style-type: none"> • Anexos XV e XVII 	<p>Anexo XV: Certificación de acordo plenario de solicitude. Os importes das columnas A, B, e C, corresponderanse cos importes reflectidos no informe de Intervención ou Secretaría-Intervención (Anexo XVI)</p>
<p>POS+AD1-G.SOC. CORRE – <u>SOLICITUDE ESPECÍFICA DE GASTO CORRENTE</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Opcional • Anexo XVI e XVII 	<p>Esta solicitude será creada polo Concello no suposto de que na solicitude xeral conteña acordo para aplicar a achega provincial a gastos correntes. Será unha única solicitude específica que englobará os apartados as tipoloxía de gasto a, b, c, d, e, f, g e h.</p> <p>Anexo XVI: Informe elaborado pola Intervención ou Secretaría-Intervención no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios aos que se aplicará a achega provincial e que se devengarán durante o ano 2024.</p> <p>Deberase cubrir só aquelas tipoloxía de gasto (do a ao j) ao que o concello desexe aplicar a achega provincial, e subir o mesmo anexo en todas as solicitudes específicas creadas (máximo tres -unha de gasto corrente e dúas de equipamento-).</p> <p>Anexo XVII: Valoración técnica de que o gasto solicitado é necesario e vai destinado a situacións de risco para persoas vulnerables o en risco de exclusión social e que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> <p>Deberase subir o mesmo anexo en todas as solicitudes específicas creadas (máximo tres -unha de gasto corrente e dúas de equipamento-).</p>
<p>POS+AD1-G.SOC. INVES – <u>SOLICITUDE ESPECÍFICA DE GASTO INVESTIMENTO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Opcional • Anexo XVI, XVII e XVIII • Prego de prescricións técnicas ou orzamento desagregado 	<p>Esta solicitude será creada polo Concello no suposto de que na solicitude xeral conteña acordo para aplicar a achega provincial a gastos de investimento. Asímesmo, deberá crear unha solicitude específica por cada tipoloxía de gasto de investimento (unha para a tipoloxía i e outra para a tipoloxía j).</p> <p>A cada solicitude específica de investimento engadirase obrigatoriamente os anexos XVI, XVII e XVIII e o prego de prescricións técnica ou orzamento desagregado correspondente.</p> <p>Anexo XVI: Informe elaborado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios aos que se aplicará a achega provincial e que se devengarán durante o ano 2024.</p> <p>Deberase cubrir todos os apartados (do a ao j) ao que o concello desexe aplicar a achega provincial, e subir o mesmo anexo en todas as solicitudes específicas creadas (máximo tres -unha de gasto corrente e dúas de equipamento-).</p> <p>Anexo XVII: Valoración técnica de que o gasto solicitado é necesario e vai destinado a situacións de risco para persoas vulnerables o en risco de exclusión social e que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> <p>Deberase subir o mesmo anexo en todas as solicitudes específicas creadas (máximo tres -unha de gasto corrente e dúas de equipamento-).</p> <p>Anexo XVIII: Informe elaborado pola Intervención ou a</p>

	<p>Secretaría-Intervención do concello, no que se conteña a descrición dos equipamentos solicitados, referidos na base 12.1 nos apartados i) e j), así como as unidades a adquirir e os seus importes.</p> <p>Prego de prescricións técnicas ou orzamento desagregado dos equipamentos: Prego da subministración. Obrigatorio, cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante procedemento aberto e terá o contido establecido na Base 5.B.2.1 apartado subministracións.</p> <p>Orzamento desagregado. Admitirase só cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante aprobación de gasto ou contrato menor. O contido mínimo é o seguinte: definición dos distintos elementos da subministración, os prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o importe sobre o valor engadido (IVE).</p>
<p style="text-align: center;"><u>IMPORTANTE</u></p> <p>Non se terá en conta a solicitude xeral ("POS+AD1-G.SOC. SOLIC") total ou parcialmente se non ven achegada da súa correspondente/s solicitude/s específica/s (gasto corrente ou gasto de investimento, ou as dúas tipoloxías segundo sexa o caso.</p> <p>Débense empregar necesariamente os modelos que figuran na plataforma SUBTEL, xa que incorporan modificacións respecto dos anos anteriores como consecuencia dos cambios introducidos neste POS+ADICIONAL 1/2024.</p>	

Para calquera dúbida ou aclaración técnica ou administrativa poden dirixirse á Sección de Servizos sociais:

servizos.sociais@dacoruna.gal

Para dúbidas informáticas poden dirixirse ao Centro de atención aos usuarios desta deputación:

soporte@dacoruna.gal

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude iniciarase o día luns 11 de decembro de 2023 e rematará ás 15.00 horas do venres 9 de febreiro de 2024.

María del Mar García Vidal
Deputada de Política Social, Educación e Mocidade